



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E
A AGRUPACIÓN DE PERSOAL VOLUNTARIO DE PROTECCIÓN CIVIL DO
CONCELLO DE MELIDE EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS NO
CAMIÑO FRANCÉS E AXUDA AOS/ÁS PEREGRINOS/AS**

En Melide a 19 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte D. Alfonso Rueda Valenzuela, que actúa en representación da Xunta de Galicia, en virtude do seu cargo de vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, que regula a Xunta e a súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución de 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte D. Juan Carlos Curros Vázquez, Presidente da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Melide, inscrita no Rexistro de Asociacións e Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil (Decreto 56/2000, de 3 de marzo), co número 30, en virtude das atribucións que lles confire os seus Estatutos.

EXPOÑEN

Que o Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acordan que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Que entre os obxectivos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, está o de promover a colaboración de todas aquelas entidades públicas ou privadas que por razón do seu obxectivo ou actividades que desenvolvan, teñan relación cos riscos e emerxencias que a protección civil trata de previr, así como as actuacións de socorro que se deben levar a cabo.

Que o artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no





ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia dispoñen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

O artigo 49 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, que regula a planificación, as medidas de coordinación e a actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia, establece como fin principal a colaboración coas autoridades competentes na realización de tarefas relacionadas coa protección civil.

Asemade, o artigo 50.2 do citado decreto, dispón que as actuacións das AVPC no ámbito local serán autorizadas, coordinadas e, no seu caso, dirixidas, pola autoridade local correspondente; establecéndose un vínculo de dependencia coa autoridade local da demarcación na que actúan, dependencia que se indica tamén nos propios estatutos de cada agrupación.

Que a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Melide, en adiante "AVPC", asinante do convenio conta cos medios humanos e materiais, coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, adquirida ó longo destes anos nos de colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia, sendo entidade necesaria e imprescindible en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro que poidan prestar no ámbito do Camiño Francés.

Que, en aras dunha maior eficiencia dos recursos públicos e co obxecto de prestar un mellor servizo en materia de prevención de accidentes, promoción, divulgación, información e socorro no ámbito do Camiño Francés é necesario establecer unha colaboración institucional entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a AVPC do Concello de Melide, non sendo polo tanto de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na administración pública galega e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por iso ámbalas dúas partes,

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración, dentro do Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia e Consellería de



Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a AVPC do Concello de Melide, para levar a cabo actuacións en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro, contribuíndo deste xeito á concienciación e información e seguridade dos/as peregrinos/as na súa andaina a Santiago de Compostela.

Segundo.- Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, será a encargada de:

- Coordinar todos os medios e recursos dispoñibles.
- Seguir e avaliar todas as actuacións.
- Garantir o enlace cos plans municipais, sectoriais e os de autoprotección que se realicen para eventos específicos.
- Servir de enlace entre as necesidades da Axencia de Turismo de Galicia e a axuda que poida prestar a AVPC do Concello de Melide.
- Xestionar as axudas dirixidas á AVPC asinante do convenio.
- Acreditar a labor realizada polo persoal voluntario.

Terceiro.- Obrigas da AVPC

Sen prexuízo das prestacións ás que con carácter xeral poida estar obrigada pola lexislación vixente sobre Protección Civil, a AVPC do Concello de Melide colaborará coas autoridades de protección civil de Galicia, en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro, contribuíndo deste xeito á concienciación, información e seguridade dos/as peregrinos/as na súa andaina a Santiago de Compostela, cumprindo entre outras as seguintes funcións:


-Informar diariamente ao CAE 112 do inicio e peche de actividade na atención do treito de camiño que lles corresponda, atención albergues ou cobertura en grandes eventos e concentracións humanas.

-Informar quincenalmente á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior das actividades mediante o estadillo unificado e realizado aos efectos.

-Informar ao CAE112, a tempo real, das situacións e incidencias nas diferentes rutas e, de ser o caso, das solicitudes de axuda que demandan os/as peregrinos/as.

-Dar resposta, onde se requira a súa intervención, co fin de controlar ou neutralizar a situación adversa que se lle presente ao/á usuario/a das distintas rutas xacobeas, dentro do marco da relación de servizos indicados.

-Colaborar na prevención, apoio e cobertura en grandes eventos e concentracións humanas derivadas de actos que teñan que ver coas peregrinacións, tanto nos seus respectivos concellos como noutros termos municipais, baixo a dirección da autoridade á que lle corresponda o mando segundo a lexislación vixente.



Outras actuacións da AVPC:

a) Patrullar polo Camiño Francés ao longo do seu termo municipal ou concellos limítrofes, especialmente no tramo que vai dende o lugar do Coto ata Parabispo (Melide), establecendo dous operativos diarios con presenza física dos grupos de protección civil de atención ao peregrino en contacto cos/as peregrinos/as, correspondéndose coas horas de maior afluencia de camiñantes e de acordo á súa experiencia de anos anteriores. Esta función pode realizarse ben percorrendo os camiños, onde sexa posible, ou ben establecendo puntos de atención cando sexa máis aconsellable.

b) Atender aos camiñantes en cuestións propias de protección civil como: axuda personalizada, traslado por necesidade manifesta, feridos ou enfermos, asistencia de primeiros auxilios cando non sexa necesaria a presenza dun facultativo, busca de peregrinos/as, obxectos extraviados ou esquecidos; protección fronte a fenómenos meteorolóxicos adversos, aplicación de medidas de prevención e de mitigación de riscos e axuda puntual na resolución dunha situación anormal.

Cuarto.- Libramento dos fondos

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio cunha achega de **4282,42€ (catro mil douscentos oitenta e dous euros con corenta e dous céntimos)** como importe máximo, con cargo á aplicación orzamentaria.2016.05.25.212A.481.0 e código de proxecto 2015 00106 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

O libramento dos fondos á AVPC do Concello de Melide por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, efectuarase en dúas fases: un primeiro pago anticipado do 80 %, con carácter previo á xustificación, que será aboado á sinatura do convenio, de acordo ao establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro e, a cantidade restante, ata completar a cantidade total, será pagada ao remate das actividades do convenio.

O reparto das axudas responderá aos seguintes criterios:

1.- Dos gastos ocasionados hai unha parte que son fixos a todas as AVPC (vehículos, vestiario, material informática e de comunicacións, seguros, equipamento de prevención e de protección, dispoñibilidade, así como o mantemento, desprazamento e loxística dos voluntarios) por elo recibirán unha cantidade fixa polo feito de ser asinante do convenio establecida en 2000.euros

2.- Outra cantidade variable que será proporcional aos quilómetros de camiño aos que se presta atención.

3.- No caso de renuncia á sinatura do convenio por parte da AVPC, minoración por falta de xustificación o incumprimento do convenio, ditas cantidades poderán



empregarse para incrementar as axudas concedidas de maneira proporcional ao resto das AVPC asinantes.


4.- O total de gastos serán sufragados ao remate das actividades do convenio, previa remisión por parte da AVPC á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior dos seguintes documentos:

- A conta xustificativa dos gastos totais realizados e a documentación acreditativa do seu pago (nóminas, facturas, etc), tendo en conta que a cantidade máxima que se obriga a aportar a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza reducirase na mesma proporción á cantidade xustificada respecto do orzamento total.
- Facturas e xustificantes de pagamento correspondentes aos gastos totais realizados. Considéranse xustificante de pagamento válido unicamente os extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo/a presidente/a da asociación.
- Para aquelas compras realizadas en metálico, de ata 1000 euros por factura, será suficiente a factura orixinal ou compulsada polas oficinas de rexistro en que figure "pagado" xunto coa sinatura e o número de NIF da persoa encargada da empresa subministradora.
- Documentos de liquidación de gastos de mantemento, desprazamento e loxística, polo cumprimento das actividades do convenio, na que figure tanto a conformidade da persoa responsable da AVPC como o "recibín" do perceptor desta compensación.
- Declaración do conxunto das axudas percibidas para o mesmo fin das administracións públicas competentes ou outros entes públicos, así como, de cumprir cos requisitos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas administracións públicas. Esta declaración enviarase a dirección xeral ao inicio da tramitación do convenio, no momento da percepción do anticipo e na xustificación final.

Terá a consideración de gasto realizado, para os efectos do disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao remate do período de xustificación.

No caso de non presentarse as facturas suficientes no prazo establecido ou ben non ser correctas na súa totalidade, o pago verase reducido na mesma proporción que a cantidade xustificada respecto do orzamento total.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento do convenio por parte da AVPC asinante.



Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2016.

No caso de que non se cumprisen todas as funcións previstas neste convenio por parte da AVPC, as cantidades a percibir reduciranse de xeito proporcional ás xornadas e quilómetros nos que non se realizasen as mencionadas funcións.

Quinto.- Control financeiro

A AVPC someterase ás actuacións de comprobación que poida efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións.

En especial, deberán facilitar a información que lle sexa solicitada por esta Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sexto.- Compatibilidade da subvención

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Sétimo.- Reintegro de fondos

A AVPC comunicaranlle ao órgano concedinte a modificación das circunstancias que desen lugar á concesión da subvención, en canto se coñeza, ou ben, en todo caso, con anterioridade á xustificación dos fondos percibidos.

No caso de incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta Lei, a AVPC asinante deberá reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora, segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal.

Oitavo.- Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración Pública Galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros



públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo e, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Noveno.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha Comisión Mixta, integrada por representantes de cada unha das partes asinantes do presente convenio, que ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

A composición desta comisión será:

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:
A persoa responsable dunha subdirección xeral
Un persoal técnico dependente da mesma

Pola Agrupación de Voluntarios de Protección Civil:
O Presidente da AVPC
Un membro da xunta directiva da AVPC

Décimo .- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación das facturas correctas antes da data estipulada para o termo da súa vixencia tanto para a percepción do anticipo como na xustificación final.

Décimo primeiro.- Lexislación aplicable

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, caso de discrepancias, serán resoltas, visto o informe da Comisión Mixta, polo vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo así fin á vía administrativa.




O presente convenio terá carácter administrativo, quedando ambas partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir como consecuencia do mesmo.

En todo o non disposto neste convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a aplicación da Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, en canto lle sexa de aplicación.

Décimo segundo. Vixencia do convenio

A data de efectos do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, se ben considerase a súa eficacia respectos dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio dende o 1 de xaneiro do ano 2016.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado.



Pola Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza
O vicepresidente e conselleiro



Alfonso Rueda Valenzuela

Pola AVPC do Concello de Melide
O presidente



Juan Carlos Curros Vázquez